



## Sínodo de mulleres. Ergamos a voz

---

Marisa Vidal Collazo<sup>1</sup>

A Igrexa está agora mesmo mergullada en dous procesos sinodais simultáneos, un promovido e convocado polo Papa Francisco, o Sínodo da Sinodalidade, e outro promovido e convocado pola *Catholic Women's Council*, CWC, O Sínodo das Mulleres.

Do primeiro seguro xa teñen coñecemento, pois as nosas Igrexas locais están implicadas neste proceso que nos propón reflexionar sobre a forma de nos organizar e xestionar. Este é un proceso sinodal que nace da necesidade de revisar cara a dentro na igrexa as nosas formas de comunión, participación e misión.

O Sínodo das Mulleres, nace dun malestar que arrastramos dende hai moito tempo e que ten que ver coa situación das mulleres dentro da Igrexa. Unha situación que a cada paso se volve máis insostible debido aos diferentes escándalos que nos últimos anos van saíndo á luz.

O malestar xa é moito máis que o feito de que nos ocupen en tarefas subordinadas. A situación das mulleres na Igrexa estase descubrindo nos últimos anos moi dura e mesmo escandalosa. Ao tempo que se destapaban os casos de pederastia, tamén apareceron as denuncias de abusos sexuais a relixiosas<sup>2</sup>, uns abusos

---

1 Marisa Vidal Collazo forma parte do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*. Pertence á Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria, asociación que forma parte da Revolta de Mulleres na Igrexa, integrada na *Catholic Women's Council*.

2 JESÚS BASTANTE, «Monjas de todo el mundo se organizan contra los abusos sexuales y laborales que sufren en la Iglesia» no xornal dixital *Eldiario.es*, [https://www.eldiario.es/sociedad/metoo-monjas-abusos-iglesia\\_1\\_1808822.html](https://www.eldiario.es/sociedad/metoo-monjas-abusos-iglesia_1_1808822.html)

recoñecidos polo Vaticano no ano 2020 e que son a punto dun iceberg de maltrato continuado que as mulleres «consagradas» perciben desde hai moito tempo e que non poden seguir sos-tendo.

O Sínodo da Amazonia tamén puxo en evidencia o silenciamiento que as mulleres padecemos na Igrexa. No *Instrumentum laboris* propoñíase «identificar o tipo de ministerio oficial que pode ser conferido á muller» e mesmo «que se escoite a voz das mulleres, que sexan consultadas e participen na toma de decisións, e poidan así contribuír coa súa sensibilidade á sinodalidade eclesial». Voices of Faith reclamou daquela que puideran votar polo menos as superiores relixiosas presentes na aula sinodal, (cousa que xa pasara con algúns homes superiores de ordes relixiosas no Sínodo de Bispos) pero a súa petición non foi escoitada<sup>3</sup>.

As mulleres estamos vendo que a Igrexa se está perdendo a si mesma porque nos está perdendo a nós. Así o denunciaba Lucetta Scaraffia na carta que publicou ao peche do suplemento *Donne Chiesa Mondo*<sup>4</sup> Hai demasiado tempo que temos a sensación de ser coma o canciño que pasea collido dunha correa. O dono solta a correa mentres o canciño vaia polo vieiro que o amo marca, pero recolle a corda e amarra forte cando o canciño se quere aventurar por sendas propias e diversas<sup>5</sup>.

As mulleres amamos a Igrexa, e non imos marchar caladiñas como xa fixeron outros colectivos (clase obreira, xente moza) senón que queremos que a Igrexa mire para si mesma e cambie, porque non queremos ver como se perde do mundo. Por iso convocamos este Sínodo.

---

3 Véxase o artigo Las mujeres protagonistas en el Sínodo de la Amazonía, de ISABEL CORPAS DE POSADA no blog da revista Vida Nueva, 22-10-2019. <https://www.vidanuevadigital.com/blog/las-mujeres-protagonistas-en-el-sinodo-de-la-amazonia-isabel-corpas/>

4 LUCETTA SCARAFFIA, Querido Papa Francisco: cerramos Donne Chiesa Mondo, Iviva.org, <https://iviva.org/querido-papa-francisco-cerramos-donne-chiesa-mondo/>

5 Así o expresaba a teóloga Pepa Torres Pérez no webinar Mujeres en revuelta alzamos la voz, organizado por Tras las Huellas de Sophia: <https://www.traslashuellasdesophia.com/so/daNsYTJSE?languageTag=en#/main>

As mulleres cremos nos procesos sinodais, mecanismo lexítimos que a mesma Igrexa deseñou para mirarse para dentro, en humildade, e poder avanzar. Por iso convocamos este Sínodo a nivel internacional. Abrindo este proceso sinodal queremos, con fondura e rigor, desde a nosa experiencia e sabedoría de mulleres, propoñer camiños de futuro en igualdade para todos e todas. Que ninguén pense nunha conspiración de mulleres, nunha conxura ou nunha competencia entre sínodos. Nada máis lonxe da realidade. Na Igrexa convócanse frecuentemente sínodos simultáneos, como é o caso dos sínodos diocesáns, que axudan a clarificar e facer avanzar apoiados na participación de toda a Igrexa local. A nós móvenos o amor á Igrexa, e os desexos de clarificación e de verdade.

O Sínodo das Mulleres está convocado e vaise xestionar por medio dun organismo internacional, o *Catholic Women's Council*, creado especificamente para este fin. O CWC é un grupo global sostido polas diferentes redes de mulleres católicas que traballan polo pleno recoñecemento da dignidade e igualdade das mulleres na Igrexa. Somos organizacións moi diferentes, pero todas estamos de acordo en que os dereitos e a dignidade das mulleres deben ser recoñecidos tanto na estrutura da Igrexa Católica Romana coma na súa práctica diaria.

Nesta achega propoño explicarlles que é o CWC, como se xestou o Sínodo de Mulleres, cal vai ser a súa metodoloxía de traballo e o calendario da súa realización.

## 1.- O nacemento da *Catholic Women's Council*

A situación de minusvaloración e irrelevancia da muller na Igrexa foi o desencadeante do nacemento de *Voices of Faith*. En marzo do 2014 un grupo de relixiosas de diferentes países europeos manifestáronse no Vaticano. Na praza de San Pedro pedían ser parte da xestión da Igrexa, poder acceder a todos os espazos de sacralidade e toma de decisión.

Diante das denuncias de abusos por parte dos estamentos eclesiais, as mulleres da Igrexa alemá organízanse no ano 2019 noutra

plataforma chamada María 2.0. Non son as únicas<sup>6</sup>. Por todo o mundo van xurdindo voces de mulleres que se unen e organizan en plataformas reivindicativas en América do Norte e do Sur, en Asia e África, Australia e Nova Zelandia... Moitas delas son resposta directa ante os escándalos de abusos a menores e violacións de relixiosas perpetradas polo estamento eclesial que aos poucos se van coñecendo e que son a pinga que reborda do vaso da indignación.

A CWC<sup>7</sup> nace en novembro de 2019, cando se reúnen en Stuttgart asociacións, iniciativas, ordes relixiosas e plataformas de mulleres católicas europeas convocadas por *María2.0* e *Voices of Faith*. A proposta é organizar un Sínodo de Mulleres, un espazo aberto de diálogo seguindo a metodoloxía dos procesos sinodais, no que as mulleres de todo o mundo expresemos as nosas reivindicacións traballando en rede. En xaneiro de 2020 consolídase o *Catholic Women's Council* na súa proxección internacional, como paraugas global, aberto á participación de calquera grupo de mulleres católicas que comparta os obxectivos desta coalición. Por primeira vez na historia, as mulleres da Igrexa de todo o mundo estamos unidas nunha fronte común.

Esta diversidade queda ben reflectida no comité executivo da CWC, que actualmente está conformado por Tina Beattle (Reino Unido), Nontando Hadebe (Sudáfrica), Paola Lazzarini (Italia), Tracy McEwan (Australia), Maria Mesrian (Alemaña), Virginia Saldanha (Chairperson, India), Franziska Zen Ruffinen (Suíza), Karen Castillo (México), Carolina del Rio (Chile), Catherine Cavanagh (Canadá) e Reena Alphonso (India). Reena é quen desempeña as funcións de secretaría.

...pero chegou a pandemia, e a proposta do Sínodo de mulleres houbo que adiala ata que a situación sanitaria permitise as reu-

---

6 A historia dos grupos feministas no estado español e o nacemento da Revolta de mulleres na Igrexa pódena ler en Marisa Vidal Collazo, «Revolta de las mujeres en la Iglesia, hasta que la Igualdad se haga costumbre», participación no VII Foro Cristiano Zaragoza 2021. <https://drive.google.com/file/d/1EHhDXBKTyDx5Tj4HJPGILw8nWyLvj0cs/view>

7 Teñen máis información na páxina web do Catholic Women's Council: [www.catholicwomenscouncil.org](http://www.catholicwomenscouncil.org).

nións. Con todo, o CWC non deixou de medrar nese tempo grazas a multitude de encontros virtuais que supliron os presenciais.

Non era esta a primeira vez que se organizaba un Sínodo de Mulleres na Igrexa. En 1996 e 2003 houbera senllas experiencias en Austria e Barcelona<sup>8</sup>, porque a sinodalidade non nos é allea<sup>9</sup>. O feminismo ten a circularidade e a inclusión como metodoloxía de traballo. Nos nosos grupos entendemos a autoridade desde abaixo, todas sentadas na mesma mesa, compartindo os saberes de cada unha. Por iso, en canto a situación sanitaria se foi normalizando, vimos que estabamos xa listas para lanzármonos ao Sínodo de Mulleres. O parón pandémico fíxonos coincidir no tempo coa convocatoria do Papa Francisco, pero iso non detivo a nosa marcha, ao contrario, fíxonos axilizar o calendario para poder ter as nosas conclusións sinodais a tempo, antes do inicio do plenario do Sínodo da sinodalidade.

## 2.- O Sínodo das Mulleres: desafíos e retos

O punto de partida do Sínodo das Mulleres é a situación das mulleres dentro da Igrexa e como nos sentimos fronte a ela. A Igrexa leva moito tempo poñéndose de perfil cando se propón a cuestión da igualdade, e aínda que tacitamente se reconece esa igualdade nos documentos eclesiais<sup>10</sup>, non acabamos de vela rea-

---

8 En xullo de 1996 ten lugar o primeiro Sínodo de Mulleres en Gmunden, Austria, co lema: As mulleres polo cambio no século XX. En agosto de 2003 celébrase o segundo en Barcelona, Atrévemos coa diversidade. Foron sínodos europeos e interrelixiosos, recollidos nas publicacións DE MIGUEL, PILAR (ED), Europa con ojos de mujer, EVD, 1996, e Amell, M. Josefa e DE MIGUEL, PILAR (ED), Atrévete con la Diversidad, EVD, 2004.

9 Ver MARTÍNEZ CANO, SILVIA, «Hablar de sinodalidad es hablar de mujeres» en En camino hacia una iglesia sinodal. De Pablo VI a Francisco», RAFAEL LUCIANI, M<sup>a</sup> TERESA COMPTÉ (Coords.) PPC, 2020.

10 A Constitución Lumen gentium afirma a vocación e carismas do laicado (LG 30) e a igualdade en Cristo (LG 32) sen diferenza de sexo, raza ou condición social. Gaudium et spes rexeita a discriminación por causa do sexo (GS 29) e afirma a igualdade de dereitos no traballo (GS 52), a cultura (GS 60) e a familia (GS 49). Christifideles laici 24 di expresamente: «Referíndose precisamente ao apostolado dos laicos, o Concilio Vaticano II escribe: «Para o exercicio deste apostolado o Espírito Santo, que obra a santificación do Pobo de Deus por medio do ministerio e dos sacramentos, outorga tamén aos fieis

lizada por ningures. Xa non se pode seguir postergando esta cuestión. Estes son os problemas que nós, as mulleres, estamos a detectar e padecer no seo da Igrexa:

- A falta de recoñecemento e mesmo invisibilización da nosa presenza e acción,
- A ausencia total de mulleres nos lugares de toma de decisión da Igrexa,
- A escandalosa relación entre patriarcado, machismo, colonialismo e estrutura eclesial, que impide que se oia a nosa voz de mulleres, pero tamén bloquea a posibilidade doutras voces e formas de participación.
- A presenza de concepcións teolóxicas trasnoitadas, que consideran as mulleres menos válidas, pois séguennos a considerar de feito como seres incompletos, non aptos para representar o sagrado,
- A imaxe social da Igrexa, que se ve como un reduto de anti-feminismo.
- A propia autopercepción das mulleres na igrexa que, a forza de escoitar sempre os mesmos discursos, non caemos na conta do trato pexorativo e paternalista que sufrimos.
- A violencia social e eclesial da que somos vítimas as mulleres na Igrexa (estrutural, simbólica e ás veces tamén física) cando se nos silencia, se nos fai de menos, e non se quere recoñecer a discriminación que se exerce sobre nós.
- O aumento da vulnerabilidade e a desigualdade no contexto da pandemia,
- A falla de inclusividade na Igrexa, que queda patente no abandono das persoas máis novas.

---

dons particulares (cf. 1 Co 12, 7), «distribuindo a cada un segundo quere» (cf. 1 Co 12, 11), para que «poñendo cada un a graza recibida ao servizo dos demais», contribúan tamén eles «como bos dispensadores da multiforme graza recibida de Deus» (1 P 4, 10), á edificación de todo o corpo na caridade (cf. Ef 4,16)».

O reto ao que o Sínodo das Mulleres nos convoca é dobre: por un lado cómpre asegurar o liderado da CWC en todo o proceso e por outro favorecer e facilitar a participación de mulleres de todas as rexións e situacións sociais do mundo. Os equipos de traballo están conformados na pluralidade de experiencias e de palabras, o que vai facer necesario un esforzo no exercicio da escoita, o diálogo e o encontro por riba das diferenzas, tanto políticas como culturais, económicas ou sociais. Temos que ser conscientes tamén de que, dadas as diferentes situacións nas que viven as mulleres, o traballo sinodal pódelles ocasionar perigos reais nas súas comunidades a unha boa parte das mulleres do mundo que participen neste Sínodo, sobre todo ás dos países máis empobrecidos.

### **3.- O traballo sinodal**

#### **3.1. Eixos de traballo**

Vistos os problemas que detectamos as mulleres, propuxémonos cinco eixos de traballo para o Sínodo, que son os seguintes:

##### *a) Situación das Mulleres na Igrexa*

A Igrexa no cumpre o principio primordial do Evanxeo pois nin reconece nin pon en práctica a plena equidade e igualdade de todos os fillos e fillas de Deus. A desigualdade é evidente na práctica diaria da Igrexa porque perviven en uso antropoloxías que destilan desigualdade, impedindo a integración das mulleres en todos os órganos de xestión e goberno. Segue soterrada e ignorada a riqueza do maxisterio das mulleres.

##### *b) Poder, participación e representación*

A Igrexa réxese por criterios clericais e patriarcais nos que está a orixe da discriminación secular das mulleres e dos laicos. As mulleres constatamos o empobrecemento teolóxico dos nosos presbíteros, que na súa práctica pastoral manexan teoloxías pouco ou nada compatibles co pensamento actual. É urxente e necesario o diálogo da Igrexa co feminismo, un diálogo que faga cambiar as

formas de organización e toma de decisións. A capacidade de discernimento non é exclusiva de ningún grupo eclesial. Na Igrexa todas as persoas somos guiadas e todas nos temos que deixar guiar. Por iso hai que revisar o símbolo do pastor, afastándoo de posicións de superioridade e exclusividade.

*c) Estructura e rendición de contas*

Necesitamos unha Igrexa transparente, que renda contas, unha Igrexa máis preocupada polos pobres que pola xestión de bens e propiedades. Vemos con tristeza como a xestión de bens demasiadas veces é pura ostentación e acaparamento. É necesario analizar a realidade eclesial a partir de datos económicos contrastados, para denunciar as incoherencias coa mensaxe do Evanxeo e propoñer os cambios necesarios.

*d) Vida Sacramental*

Na Igrexa hai unha perigosa reverencia ante o varón «sagrado e consagrado». A sacralización crea unha distancia ontolóxica, insalvable, entre a persoa consagrada e as demais. É neste desequilibrio de poder onde está a raíz dos abusos que se cometen no ámbito eclesial. Somos fillas de Deus, e queremos participar de todos os sacramentos, non só de seis, pero non queremos entrar a formar parte dunha casta. É necesario comprender os ministerios en clave de servizo, non de poder, e recoñecer e valorar os ministerios exercidos polas mulleres, sobre todo no mundo rural. Os sacramentos son un servizo á comunidade, un camiño de amor. Botamos tamén en falta un cambio na linguaxe litúrxica e a linguaxe eclesial, que en moitos casos aínda reflicte teoloxías obsoletas.

*e) Resistencia e esperanza*

Como mulleres, procedemos dunha longa historia de resistencia. Somos as fillas das que aguantaron e tamén das que sucumbiron. Reivindicamos as nosas nais, as que na escuridade e o silencio alumearon un novo camiño para todas e todos. É necesario integrar a teoloxía feminista na Igrexa, como camiño e referente para un



cambio fondo. O feminismo defende a horizontalidade, a circularidade, as decisións en conxunto, premisas tamén dunha Igrexa sinodal. Queremos una Igrexa que sexa espello da diversidade e multiculturalidade que alberga no seu seo.

### 3.2. *Metodoloxía de traballo*

Cada un destes eixos será traballado en grupos sinodais que seguirán unha metodoloxía común para todos eles en catro pasos:

1. Marco referencial. Establecer o contexto de cada eixo a traballar por medio de documentos de lectura que nos introduzan nos seus antecedentes históricos.
2. A nosa experiencia. Por medio de dinámicas, cada grupo de mulleres visibilizará e poñerá palabra á súa experiencia en torno a ese eixo.
3. Sospeitamos. Será o momento de traballar a fundamentación teolóxica buscando en grupo elementos que nos conviden á reflexión.
4. Recreamos. O grupo elaborará propostas concretas para este eixo, desde a creatividade e a sabedoría das mulleres.

Esta última é quizabes a parte máis interesante, pois o documento final do Sínodo farase en base ás propostas que as mulleres facemos á Igrexa. Propostas baseadas na nosa experiencia eclesial que, apoiadas na reflexión teolóxica, nos axuden a albiscar unha nova igrexa posible que poidamos construír entre todo o Pobo de Deus.

### 3.3. *Loxística sinodal*

Para traballar os temas contamos coa conexión que nos proporcionan as novas tecnoloxías, disolvendo as barreiras que impón a distancia. A recollida dos materiais elaborados en cada grupo e a posterior síntese para a elaboración do *Instrumentum laboris*, vanse facer nos diferentes grupos idiomáticos. Así, por exemplo, as propostas do eixo 1, feitas por todos os grupos, recolleraas o grupo

castelán falante que presentará as conclusións á CWC. Con esta achega a CWC elaborará o *Instrumentum laboris*. O traballo de grupos de cada eixo rematará nunha sesión virtual de presentación de conclusións aberta á participación de todas as persoas que queiran asistir. O calendario de traballo vai ser o seguinte:

- Decembro de 2021: recollida de datos da enquisa sinodal, unha enquisa que se vai responder de xeito persoal, e que xa está circulando polos grupos.
- Xaneiro-febreiro 2022: presentación dos resultados da enquisa e inicio do traballo en grupos do primeiro eixo: situación da muller na Igrexa.
- 8 marzo 2022: Presentación das propostas no eixo 1.
- Marzo 2022. Traballo en grupos do segundo eixo, poder, participación e representación.
- 4-8 abril: Presentación das propostas no eixo 2.
- Abril 2022: Traballo en grupos do terceiro eixo, estruturas, transparencia e rendición de contas.
- 2-6 maio: Presentación das propostas no eixo 3.
- Maio 2022: Traballo en grupos do cuarto eixo, vida sacramental.
- 6-10 xuño: Presentación das propostas no eixo 4.
- Xuño 2022: Traballo en grupos do quinto eixo, resistencia e esperanza.
- 4-8 xullo: Presentación das propostas no eixo 5.
- Xullo a setembro de 2022: Recolleranse na CWC os documentos de traballo e elaborárase o *Instrumentum laboris*, que se presentará no mes de setembro.

E así chegaremos á primeira semana de outubro, na que terá lugar o encontro presencial en Roma, que se poderá seguir virtualmente desde todo o mundo e no que se elaborarán as conclusións

do Sínodo das Mulleres. Como non todas as mulleres poderemos ir a Roma á sesión plenaria do sínodo, está previsto que coincidindo coas datas da sesión final se leven a cabo accións e celebracións nos diferentes países, que mostren ao mundo a nosa sintonía sinodal e o apoio ao traballo de todas.

#### 4.- Revolta de mulleres e Sínodo

A revolta naceu no 2019, en Barcelona, onde se creou a plataforma *Alcem la Veu*, a rebufo das mobilizacións europeas de folga das mulleres na Igrexa mencionadas anteriormente. Rápido se estendeu por todo o estado, e no ano 2020 había xa oito cidades organizadas en revolta para saír á rúa. Empezarían o 1 de marzo Madrid, Zaragoza, Sevilla e Barcelona, seguiría o día 8 Valencia, o 14 Santiago de Compostela e o 15 Granada e Bilbao. A pandemia pechounos o 12 de marzo e as tres últimas cidades tivemos que quedar na casa. Durante o confinamento, en vez de ir a menos, a Revolta medrou como as ondas do mar, organizando mobilizacións e celebracións virtuais que nos fixeron medrar de tal xeito que o ano 2021 incorporáronse ás mobilizacións Vitoria, Pontevedra, Córdoba, Badaxoz e as Palmas de Gran Canaria.

Cando a CWC presentou o Sínodo das Mulleres, na revolta decidimos que tiñamos que vernos para poder organizarnos como plataforma e incorporarnos aos traballos sinodais. Así foi que convocamos o pasado 27 de novembro unha reunión de representantes de grupos en Madrid para motivar o inicio dos traballos sinodais. Xuntámonos 50 mulleres en representación de 15 cidades do estado español nas que a revolta está organizada: Santander, Bilbao, Vitoria, Logroño, Zaragoza, Barcelona, Valencia, Madrid, Granada, Badaxoz, Sevilla, Córdoba, Las Palmas de Gran Canaria, Santiago de Compostela e Pontevedra. Tamén asistiron como convidadas o grupo Feminista Cristiá, mulleres novas de diferentes lugares do estado interesadas na teoloxía e o feminismo, e unha representante do MOCEOP.

Na asemblea comprometémonos a botar a andar nas nosas cidades grupos sinodais, presenciais ou virtuais, que nos fagan ter voz

coas outras para construír unha nova Igrexa e nese camiño andamos, ata que a igualdade, a xustiza e o coidado da casa común se fagan costume na Igrexa. A Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria deu xa o primeiro paso, e constituíu un grupo Sinodal que empezará a traballar xa a enquisa e os cinco eixos propostos.

Vemos este momento coma o maior reto ao que nos temos enfrontado coma mulleres na Igrexa. Estamos asistindo a un momento eixo, un fito histórico que vai definir o papel que as mulleres do futuro xogarán na Igrexa. O camiño non vai ser fácil, pois hai resistencia seculares difíciles de cambiar, pero é o momento do amor, o momento de mirarnos, de filla a nai, e decidir como imos querer vivir e relacionarnos de aquí en adiante. Como ben expresou a teóloga Cristina Inogés, membra da comisión teolóxica do Sínodo da Sinodalidade, cando a entrevistaron no programa de TVE *Últimas preguntas*:

*Si no aprovechamos bien esta oportunidad, allá quienes sean que pongan las zancadillas, porque la historia los juzgará, (...) Sabiendo que este no es un proceso de hoy para mañana, sabiendo que nosotros no vamos a ver una Iglesia sinodal, que estamos abriendo el camino a generaciones que van a venir detrás de nosotros, como no seamos generosos, como siga primando el yo sobre el nosotros, como siga primando la iglesia de los ordenados sobre la de los bautizados, si esto no sale bien... habrá que ir pensando en quién apaga la luz»<sup>11</sup>*

É chegado o tempo do cambio na Igrexa, pois se calamos nós, berrarán as pedras.

**Marisa Vidal Collazo**  
Mulleres Cristiás Galegas Exeria

---

11 Poden ver a entrevista completa no seguinte enlace: <https://www.rtve.es/play/videos/ultimas-preguntas/sinodo/6117033/>